


ACTIVIDADES DO CONTO "CARABUÑAS"



✚ XOGO DOS CONTRARIOS.

Carabuñas di que ía cazar nenos para a súa despensa e que lle gustaban todos (gordos e flacos, altos e baixos, louros e morenos), entón este xogo consiste en dicir unha palabra e pensar o contrario.

Aquí tedes uns exemplos para ver :

https://www.youtube.com/watch?v=Lm2l_TZmnKY

E agora, a seguir xogando!!

- Se eu digo RÁPIDO o contrario é.... LENTO
- Se eu digo GUAPO o contrario é..... FEO
- Se eu digo

✚ COÑECES O NOME DOS DEDOS DA MAN?

O bruxo usou o seu dedo maimiño para abrir a xanela e co furabolo quería furar a gorxa de Branca.

Sabes cal e cada un? Se segues baixando teredes unha man para coñecerlos, cando os repitades varias veces e xa os lembres poderalos pegar ou escribir na man que está en branco poñendo a cada dedo o seu nome correspondente.

Outra opción sería facer a túa huella nun folio e poñer logo o nome dos dedos.

✚ APÓCEMA DO BRUXO

Carabuñas facía as súas bruxerías con lingua de sapo, patas de mosquito, moco de araña....

Que lle botarías ti a túa apócema?



Pois a pensar, que máis abaixo terás un pote (se queredes poderdes facer outro modelo diferente nun folio ou cartulina) para botarlle os ingredintes que se che ocorran e tamén os máis maiores poderdes escribir para que usaríades esa apócema.

No espazo en branco poderdes escribir os ingredintes, dentro do pote poderdes facer o debuxo do que lle ides botando e na parte inferior (debaixo do pote) que uso lle daríades.

✚ UN AUTORRETRATO

Primeiro terás que mirarte con detalle a un espello fixándote ben nas partes da túa cara, cor dos ollos, fixarse nas pestañas, cellas, cor de pelo, ... e despois terás que facer un autorretrato. Unha vez feito podes comparalo coa cara de Carabuñas analizando cales son as similitudes e as diferencias.

OS DEDOS DA MAN



PARA ADAPTAR ESTA ACTIVIDADE ÁS DIFERENTES IDADES TEDES AQUÍ UNHAS TARXETAS (PARA OS DE 3 E 4 ANOS) QUE TERÁN QUE RECORTAR E DESPOIS PEGALAS NO DEDO QUE LLE CORRESPONDA.

OUTRA OPCIÓN PARA NON IMPRIMIR SERÍA ESCRIBILOS NUN PAPELIÑO E QUE DESPOIS TEÑAN QUE IDENTIFICAR A PALABRA FIXÁNDOSE NAS LETRAS PARA SABER CAL É O DE CADA DEDO.

MATAPIOLLOS
FURABOLOS
PAI DE TODOS
MEDIADIÑO
MAIMIÑO

PARA OS MAIS GRANDIÑOS (5 ANOS OU INCLUSO TAMÉN OS DE 4 ANOS) XA OS PODEN ESCRIBIR ELES SOS.



APÓCEMA MÁXICA



**MIRATE AO ESPELLO E
FAI O TEU AUTORRETRATO**

